

**1** Relaciona as seguintes frases feitas co seu significado:

- |                                 |   |
|---------------------------------|---|
| 1. <i>Matar o tempo.</i>        | a. Prepararse unha tormenta.                    |
| 2. <i>Por min, que chova.</i>   | b. Entreterse para que o tempo pase antes.      |
| 3. <i>Afogar en pouca auga.</i> | c. Dominio dos sentimentos e emocións.          |
| 4. <i>Armarse a tronada.</i>    | d. Expresión de indiferenza.                    |
| 5. <i>Sangue frío.</i>          | e. Preocuparse por un problema sen importancia. |

**2** Busca cinco adxectivos e escríbeos:

Morris arrastrouse fóra da casa e andou tristeiro sen rumbo polas rúas de Coles de Bruxelas. O vento xeado entráballe polo xerse; era demasiado fino e Morris estaba conxelado. Tiña fame pero só levaba unha goma de mascar de remolacha. Sentou nun valado e mascou nela ata que quedou máis branda e rica. Deulle por pensar se a súa nai estaría a botalo de menos. Sentiuse tan triste e só que rompeu a chorar.

—Vaia! —dixo unha voz forte—. Seica te sentes malpocado.

Mick Fitzmaurice: *Morris Milpés*,  
Edicións Xerais, col. Sopa de libros.

.....  
.....

**3** Escribe un adxectivo que poidas aplicar a cada un destes nomes:

neve .....	pasteis .....
laranxas .....	grilo .....
xerse .....	caderno .....

**4** Completa con **m** ou **n**:

so.....bra	pu.....to	e.....panada	ma.....ta	aca.....par
ca.....pá	po.....ba	lá.....pada	e.....viar	e.....vasar
co.....pás	ca.....pión	ce.....pés	ta.....bor	me.....tir
tro.....pa	i.....vadir	co.....binar	ro.....per	e.....biga

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

## **Unha mexicana de 100 anos logra terminar a escola primaria**

### **Manuela Hernández non puido estudar de pequena e decidiu apuntarse a unha escola para adultos**

Unha muller mexicana de 100 anos, que de nena non puido ir á escola pola súa pobreza, acaba de terminar a primaria cun programa especial de educación para adultos.

Manuela, nacida o 17 de xuño de 1913 na cidade de Tuxtepec, relatou que cando era pequena un tío axudouna e puido asistir un tempo á escola, pero só completou o primeiro ciclo porque os seus pais necesitaron que empezase a traballar. «Ao ano seguinte, que eu xa podía lavar e pasar o ferro, xa non me deixaron ir pois lles facía falta no traballo», dixo.

O sistema de educación para adultos é un modelo que permite aos adultos maiores completar a primaria nuns dous anos e medio ou tres, en lugar dos seis habituais.

Con todo, cada caso é diferente. Manuela Hernández tivo que facer só un ano porque xa sabía ler e escribir. «A mellor carreira é o estudo», afirmou despois de recibir o certificado a semana pasada.

A muller, unha ama de casa viúva con dous fillos, contou que lle gusta moito ler, pero que a súa vista xa está cansada e ás veces dificultáselle. Estudar fai da xente «mellores persoas», sinalou.

*La Voz de Galicia*, 26/06/2013 (adaptación)

1 Completa estes datos sobre a protagonista da noticia:

- a) Nome:.....  
 b) Idade:.....  
 c) Nacionalidade:.....  
 d) Nivel de estudos que completou: .....

2 Sinala as razóns polas que esta muller non puido ir á escola cando era nena:

- Porque estaba enferma.  
 Pola súa pobreza.  
 Porque non había ningún colexio en Tuxtepec.  
 Porque prefería quedar na casa xogando.  
 Porque os seus pais necesitaban que se puxese a traballar.

3 En que tipo de escola completou os seus estudos de Primaria?

.....

4 Cantos cursos compoñen a ensinanza primaria? .....

- Cantos necesitou Manuela para obter o seu certificado? .....
- Por que ela necesitou menos tempo? .....

.....

5 Que quere dicir que «a mellor carreira é o estudo»? Elixo:

- Que estudar é unha carreira de obstáculos.  
 Que para camiñar pola vida é fundamental ter estudos.  
 Que estudar é un deporte.

6 Manuela di que estudar fai da xente «mellores persoas». Estás de acordo? Por que?

.....

.....

.....

.....